

CIG-SAÚDEinforma

CIG-SAÚDE demanda a creación dos **postos de coordinación de PSX**, esenciais no funcionamento da Atención Primaria.

A categoría de PSX creouse mediante o Decreto 160/1996, e dende a súa creación non ten unha estrutura de coordinación que lle permita realizar o seu traballo dun xeito coordinado e coa formación necesaria para o desempeño do posto.

A situación de descoordinación agravouse coa desaparición das xerencias de Atención Primaria e da súa estrutura directiva. O persoal de primaria é "xestionado" directamente polo persoal PSX do seu centro, xa que a xestión que se realiza desde o hospital é insuficiente.

Ante esta situación, e as graves consecuencias que isto provoca, desde CIG-SAÚDE solicitamos do SERGAS a creación dos seguintes postos de PSX:

XEFATURA DE GRUPO: Organización e xestión

Dentro desta estrutura directiva, ao igual que existe no ámbito hospitalario, desde CIG-SAÚDE propoñemos a **creación das Xefaturas de Grupo** na Atención Primaria.

Ditas Xefaturas de Grupo con funcións de xestión de persoal, crearíanse en función da dimensión do centro e do seu cadro de persoal, podendo nalgún caso, ser unha Xefatura de Grupo para xestionar máis dun centro.

A categoría que deba acceder a estes postos é a de PSX. Esta persoa sería a responsable de elaborar os procedementos propios do centro, a xestión de recursos humanos (dos PSX) e a planificación do traballo da área administrativa.

Posto de Xefa/e de Grupo - Subgrupo N-C2-01					
Grupo	Nivel	Soldo	Comp. Destino	Comp. Específico	Produtividade
C2	20	655,18	481,48	354,09	142,98

COORDINACIÓN DE FORMACIÓN: Formación

Desde CIG-SAÚDE solicitamos a **creación de postos de Coordinadora/or de Formación de PSX**. Un posto por distrito sanitario.

As funcións do posto de coordinadora/or de formación están máis que xustificadas nas competencias profesionais das PSX e no elevado número de programas específicos do SERGAS que necesitan coñecer para desenvolver o seu traballo diario.

As retribucións do PSX coordinadora/or de formación serían as recollidas na Orde de Confección de nóminas para o coordinador de formación C2

Posto de Coordinadora/or de Formación PSX					
Grupo	Nivel	Soldo	C.comp. Destino	Comp. Específico	Produtividade
C2	17	656,18	407,72	197,46	160,45

Agardamos que o SERGAS atenda esta demanda e proceda á creación destes postos.

